

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE NOVEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:05 horas do día 16 de novembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 14 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Secundino Otero Faílde
D. José Ángel Otero Lamas como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castañaos (asiste aos puntos 2 e 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas**a) Acta do 13 de novembro de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 13 de novembro de 2018 cos votos de D^a. María Jesús Lago Rey, D^a. María Isabel Fernández Gabriel e D^a. Olga Gómez Corbal.

2.- Apertura administrativa**a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA



3. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
4. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.
5. COPCISA, S.A.
6. ELSAMEX, S.A.
7. MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.
8. CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
9. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.
10. DRAGADOS, S.A.
11. CIVIS GLOBAL, S.L.
12. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
13. ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.
14. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
15. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
16. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.
17. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
MANUEL RODRÍGUEZ
18. ORECO, S.A.

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que indiquen se pertencen ou non a un grupo de empresas (e, en caso afirmativo, se algunha participa nesta licitación) para os efectos previstos no artigo 86 do RXLCAP:

1. CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.
2. ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.
3. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.

A información sobre a pertenza ou non a un grupo de empresas dalgúns dos licitadores foi presentada neste procedemento e a doutros consta nos expedientes 74-441 e 109-441.

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de mellora do entorno da praza América (95-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:55	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-595CCC-3E32CD-KY59BQ-GAZ7J5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	TELEFONICA	98,05
2	NEC IBERICA SLU	72,30
3	SIVSA	67,43
4	INDRA SISTEMAS SA	58,16
5	WELLNESS TELECOM	56,24
6	ELECNOR DEIMOS	47,04

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.



Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., o día 11 de outubro, que presenta a documentación requirida o 26 de outubro de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de novembro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. para que puidese acreditar correctamente a súa solvencia técnica de acordo cos requisitos previstos na cláusula 8 do PCAP.

O 15 de novembro de 2018, dentro do prazo concedido, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. presentou a documentación requirida que foi revisada pola Mesa de Contratación na sesión do 16 de novembro de 2018. Sendo esta correcta, a Mesa acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 de setembro e 1 de outubro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:55	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-595CCC-3E32CD-KY59BQ-GAZ7J5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A. o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo dunha plataforma integral de xestión intelixente de servizos cidade e a súa integración cos servizos da plataforma cidade VCI+ (8.562-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 287.109,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 49.828,94 euros
- b) Propón incrementar o número mínimo de verticais (5) previstos no PPT en 20 verticais totais (5+15)
- c) Propón as seguintes melloras:
 - Inclusión na oferta de entorno colaborativo
 - Plan de formación e transferencia tecnolóxica ao persoal municipal de 388 horas
- d) Propón como prezo do mantemento anual da plataforma unha vez finalizado o prazo de garantía coas mesmas condicións que as do período de garantía de 0 euros
- e) Propón un “Catálogo de Indicadores” cunha lista de 213 indicadores

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:55	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHAF4F-595CCC-3E32CD-KY59BQ-GAZ7J5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		